

O Concello de Arzúa participará en *Xantar*, a Feira Internacional de Turismo Gastronómico que se celebrará en Ourense a partir de mañá

Queixería Barral e a EFA Piñeiral serán os embaixadores de Arzúa no evento

Arzúa, a 4 de febreiro de 2020.- O Concello de Arzúa participará dende mañá, 5 de febreiro, en Xantar, a única Feira Internacional de Turismo Gastronómico que se celebra en España e que terá lugar en Ourense ata o día 9 deste mes.

Xantar é una experiencia para viaxar polo mundo e tense convertido nun referente para os destinos enogastronómicos máis punteiros de España e Portugal. Defende a calidade gastronómica e o Turismo Sostible e Saudable fusionando a tradición e innovación propia dos territorios representados a través de exhibicións, catas temáticas, cociña en directo e moitas máis iniciativas que suceden durante cinco días de intensa actividade.

O concello de Arzúa ensinará o mellor dos seus produtos grazas ao stand que a Deputación Provincial da Coruña instalará no recinto e que servirá de escaparate para amosar ao mundo o mellor de nós mesmos. Alí estará representado o queixo con denominación de orixe Arzúa-Ulloa coa presenza da Queixería Barral.

Arzúa estará presente no recinto da feira ao longo dos cinco días pero terá un protagonismo especial o venres, 7 de febreiro; ese día está previsto organizar un Showcooking a cargo da Escola de Hostalería da EFA Piñeiral de Arzúa. Os alumnos do centro prepararán un exquisito menú con Tosta Piñeiral de polbo, Galo Piñeiro á salsa Piñeiral e unha deliciosa sobremesa, Nube de Arzúa Ulloa con mazá e mel.

A Concelleira de Turismo de Arzúa do PSdG-PSOE, Begoña Balado, é a persoa encargada de preparar todos os detalles para a participación “do

noso concello nunha cita que nesta edición marca o comezo das festas gastronómicas do ano, especialmente aquelas de interese turístico como é o caso da nosa 45 Festa do Queixo”. A concelleira resalta a importancia de estar presentes nunha cita deste calado na que “estarán representados un total de 12 países con preto de 300 expositores” e detalla que “é un encontro moi importante para promocionar o noso produto estrela e a nosa festa máis emblemática”.

CONCURSO DE CARTEIS DE FESTAS GASTRONÓMICAS

No marco de Xantar- Salón Internacional de Turismo Gastronómico tamén se convoca o *X Concurso de Carteis de Festas Gastronómicas*, co obxecto de poñer en valor o contido artístico e publicitario das imaxes promocionais dos eventos gastronómicos.

O Concello de Arzúa tamén participará no concurso co cartel gañador da 45 Festa do Queixo, que se celebrará no municipio os días 28 e 29 de febreiro e 1 de marzo.

O cartel titulado “*Tradición*” é obra do deseñador murciano Rubén Lucas García. O xurado valorou desta peza a especial relación co 45 aniversario da festa, a través dun vestido, deseñado cun tecido de queixos, en tons cálidos amarelo e marróns tan característicos dos anos 70, que nos transportan á década na que naceu o evento. O cartel pondera a figura feminina, homenaxeando á muller disposta, traballadora, en marcha, á reivindicación do mandil, do esforzo, do traballo diario. Todo isto pensando nas persoas que producen e traballan arredor do queixo, ao comezo maioritariamente mulleres, as “queixeiras” representadas agora con actitude de dinamismo e soltura, coa posición do corpo en movemento e mesmo cun “aire festivaleiro”.

SAÚDOS. GABINETE DE COMUNICACIÓN.